



Nota de prensa, 21-12-10

))) Wi-Fi nas prazas de Pontevedra? Internet mellor por cable -----

Ante a proposta do Concello de Pontevedra de instalación de antenas Wi-Fi nas prazas públicas de Pontevedra, a APDR solicitará unha reunión co concelleiro responsábel para transmitirle a documentación institucional e científica que avoga polo principio de precaución, e propoñerlle valorar as alternativas “dispoñíbeis e eficaces” de conexión a internet para minimizar a exposición aos Campos Electromagnéticos (CEM) na liña sinalada polo Parlamento Europeo ^[1].

A APDR propón unha rede municipal con puntos de acceso de balde a internet **por cable** (coaxial ou de fibra óptica), en locais como a Casa da Luz (Turismo) na Praza da Verdura, que supón coma vantaxes respecto ao sistema Wi-Fi: ser tecnicamente máis seguro, máis veloz, sen caídas ou perdas de sinal ou interferencias, e, especialmente, **sen expor innecesariamente á poboación residente nestas prazas aos CEM** de microondas pulsantes que emiten as antenas Wi-Fi, nas 24 horas do día cunha electropolución que poida supor un risco para a saúde.

A APDR valora que a implantación do Wi-fi, tanto nas prazas públicas da cidade (polo Concello de Pontevedra) como nas escolas (polo Plan Abalar da Xunta de Galicia na aplicación do programa estatal “escola 2.0”), non ten en conta o **principio de cautela** (defendido pola Axencia Europea de Medio Ambiente ^[2] e o Grupo de Traballo BioInitiative ^[3], as resolucións do Parlamento Europeo de 2008 ^[4] e 2009 ^[1], e as numerosas Conferencias internacionais de investigadores sobre campos electromagnéticos e declaracións de profesionais ^[5]).

Mentres na maioría dos estados de noso entorno emprenderon ou recomendaron ^[6] medidas proteccionistas para reducir a exposición aos CEM, **a nivel estatal e galego esta implantación pública do Wi-Fi** supón un aumento da electropolución existente a nivel residencial, no ensino e nos espazos de lecer, sumándose á proliferación desordenada, descontrolada, caótica e ilegal das estacións base de telefonía móbil GSM, DCS e UMTS na cidade de Pontevedra.

Por outra banda, dende a APDR seguimos a demandar ao Concello o coñecemento público do estado legal das antenas base de telefonía móbil, solicitado dende o ano 2007 ^[7], para iniciar un proceso participativo de **elaboración dunha ordenanza municipal garantista de antenas de telefonía móbil** que regule o seu caótico despregamento atendendo á protección das zonas habitadas con límites de seguridade máis estritos aos estatais (potestade municipal recoñecida en recentes sentenzas do Tribunal Supremo no 2010), garantindo o control municipal das emisións con medicións en tempo real, con información pública e participación cidadá.

* Consultar documentos craves no dossier: [Wi-Fi nas aulas? Internet mellor por cable](#)